

TEDxGalicia @USC

IDEAS QUE MERECE A PENA COMPARTIR

Venres, 11 de novembro de 2011, das 10:00 ás 14:00 h

Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía

Promove:

Cátedra Bancaja
Jóvenes Emprendedores
Universidad de Santiago
de Compostela

 [Compromiso Social Bancaja](#)

- O formato TED chega por primeira vez en Galicia ao mundo universitario.
- Os poñentes deste foro compartirán as súas experiencias, visión do mundo e ideas que poidan iniciar cambios na sociedade.
- Preténdese acercar a Universidade á realidade social e da empresa a través dun foro que propicia a comunicación e a presentación de ideas novas a través dun xeito diferente: charlas curtas pero poderosas.
- Todos os participantes poderán disfrutar ao remate dun *afterwork* con pinchos.

Acerca de TED

TED (Tecnoloxía, Entreteñemento, Diseño, do inglés: *Technology, Entertainment, Design*) é unha organización sen ánimo de lucro adicada ás *Ideas que merecen ser difundidas*. Comezando como unha conferencia de catro días en California hai 25 anos, TED ten crecido para apoiar ideas que cambian o mundo a través de múltiples iniciativas. A Conferencia Anual TED invita ás e aos pensadores e emprendedores que lideran o mundo para falar durante 18 minutos. Despois, as súas charlas se difunden gratuítamente, en www.TED.com)

Entre os poñentes de TED encontramos figuras como Bill Gates, Al Gore, Jane Goodall, Elizabeth Gilbert, Sir Richard Branson, Nandan Nilekani, Philippe Starck, Ngozi Okonjo-Iweala, Isabel Allende e o ex-Primeiro Ministro Británico Gordon Brown. A Conferencia Anual de TED ten lugar en Long Beach, California, con transmisión simultánea en Palm Springs; a conferencia TEDGlobal tivo lugar este ano en Edimburgo).

As iniciativas de comunicación de TED inclúen TED.com, onde se publican novas TEDTalks a diario e o Open Translation Project, que ofrece transcripcions interactivas e subtítulos así como a posibilidade de que voluntarios de todo o mundo, traduzan calquera TEDTalk. TED ten establecido o TED Prize con carácter anual, no que individuos excepcionais co desexo de cambiar o mundo teñen a oportunidade de poñer en marcha os seus desexos; TEDx, que ofrece unha forma de organizar de xeito individual ou en grupo, eventos por todo o mundo, e o programa TEDFellows, que apoia a xóves innovadores que cambian o mundo para que formen parte da comunidade TED e, coa súa axuda, amplificar o impacto dos seus destacables proxectos e actividades.

Acerca dos TEDx

Co ánimo de difundir as ideas que merecen a pena ser compartidas, TEDx é un programa de eventos locais, organizados de maneira independente que permiten disfrutar dunha experiencia similar ás que se viven nas conferencias TED. Nun evento TEDx combínase o visionado de vídeos de TEDTalks con charlas en vivo para favorecer a conexión entre o público e un debate profundo dentro dun grupo limitado de asistentes.

Estes eventos locais e auto organizados denominanse TEDx, onde

x = evento TED organizado de xeito independente

A Conferencia TED proporciona directrices xerais para o programa TEDx, pero cada evento TEDx é auto-organizado. (Suxeito a certas normas e regulacións). En España creáronse xa diversos TEDx en diversas cidades, tomando cada evento o nome composto por TEDx máis a cidade ou entidade organizadora. Tal é o caso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, TEDxUIMP, que celebrou o seu evento en Madrid o pasado 15 de marzo. Outros son: TEDxSol (Madrid), TEDxPamplona, TEDxBarcelona, TEDxRamblas (Barcelona), TEDxLaRioja (Logroño), TEDxALC (Alicante), TEDxValencia, e o TEDxGalicia, que se vai celebrar na súa segunda edición, en Santiago de Compostela o vindeiro 25 de novembro. Ver: www.tedxgalicia.com

Proposta TEDxGalicia@USC

Obxectivo: acercar a Universidade á realidade social e da empresa, a través dun espazo no que compartir coñecemento interdisciplinar.

A proposta de actividade que se presenta é a celebración dun evento co formato TED dentro do ámbito da comunidade universitaria. Sería como unha "demo" de duración máis corta que se celebraría previamente ao TEDxGalicia.

El TEDxGalicia@USC, nome proposto para este evento, debería servir para acercar a Universidade á realidade social e da empresa, pero tamén para crear un espazo no que compartir coñecemento interdisciplinar. Rara vez existe a oportunidade de que alumnas e alumnos de Dereito compartan auditorio e interese cos de Química, Económicas ou Ciencias da Comunicación. O TEDxGalicia@USC podería ofrecer ese entorno ou foro que aposta polas ideas e o coñecemento trasmitido dun xeito diferente, entretido pero sen perder o seu rigor.

Os principais destinatarios (participantes e asistentes) e beneficiarios do evento son, aínda que non de forma excluínente, os/as estudantes e demais membros da comunidade universitaria.

Formato do evento

Os eventos TED teñen como leitmotiv: “Ideas que vale a pena compartir”. Os poñentes nun foro TED comparten a súa experiencia, visión do mundo e ideas que poden iniciar un cambio desde o momento que son compartidas.

Dado o perfil do público obxectivo, o TEDxGalicia@USC combina o visionado de videos coas distintas intervencións dos participantes. Entre as charlas vanse intercalando as de estudantes, investigadores e profesores da USC, o que proporcionaría ao evento o frescor que sempre aportan os relatores inéditos, sobre os que non se teñen expectativas creadas da súa intervención. Este aspecto é un dos principais atractivos do foro: a **presentación de ideas novas nun entorno que propicia a comunicación**. Resulta estimulante escoitar a novos investigadores que, cunha linguaxe distinta da que xeralmente están acostumados nos foros científicos que frecuentan, poidan explicar e compartir o que están a facer e para qué serve ou cal é a súa finalidade.

Propoñemos un evento de unhas 3 horas, media xornada (entre ás 11:00 e as 14:00h) deseñado seguindo o formato TED de charlas curtas (18 minutos máximo), cada unha das cales é precedida por unha breve presentación, e nalgúns momentos intercálase o visionado de videos. Ao seu termino daría paso a un *afterwork*, onde os participantes e asistentes poidan compartir a experiencia vivida ao tempo que comparten un refrixerio.




Entre as charlas, propoñemos que vaian intercalando as de algúns dos/as poñentes do TEDxGalicia 2010 coas de estudantes ou investigadores da USC, o que proporcionaría ao evento o frescor que sempre aportan os relatores inéditos, sobre os que non se teñen expectativas creadas da súa intervención.

Este aspecto é un dos principais atractivos do TEDx: a presentación de ideas novas nun entorno que propicia a comunicación. Por exemplo, resulta estimulante o poder escoitar a novos investigadores, que cunha linguaxe distinta da máis técnico á que xeralmente acostumados nos foros científicos que frecuentan, poidan explicar e compartir o que están a facer e para qué serve ou cal é a súa finalidade.

Finalmente, entendendo a Universidade coma berce do coñecemento, o ideal sería poder contar co peche do Reitor cunha charla formato TED sobre a importancia das ideas e o pensamento como motores do desenvolvemento do mundo.

Programación

10:00	Check-in (*)
10:30	Presentación xeral do TEDxGalicia@USC
10:45	 <p>Juan Casares</p> <p>Profesor del departamento de Enxeñaría Química e Rector da USC. Título: <i>"A Universidade é a solución"</i></p>
11:00	Video Ken Robinson: "La escuela mata la creatividad"
11:30	 <p>Elena Vázquez</p> <p>Profesora no Departamento de Xeometría e Topoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A súa investigación céntrase na xeometría (semi-)riemanniana. Título: <i>"As matemáticas son aburridas e no sirven para nada"</i></p>
11:45	 <p>Pablo Carpintero</p> <p>Doutor en Ciencias pola USC. Profesor de Bioloxía e Asesor da UNESCO en temas de Patrimonio Inmaterial.</p>
12:00	 <p>Jorge Cubela</p> <p>Estudiante de Dereito. Alcalde de Cotobade, o alcalde máis novo de España.</p>
12:15	Descanso
12:30	Volta. Video curto TED
12:45	 <p>Josefina Ling</p> <p>Profesora del área de Astronomía y Astrofísica de la Facultad de Matemáticas e investigadora del Observatorio Astronómico R. M. Aller de la USC. Miembro de la Comisión 26 de Estrellas Dobles y Múltiples de la Unión Astronómica Internacional. Título: <i>"Las estrellas también viven en pareja"</i></p>

13:00	 <p>Jose L. Abadín</p> <p>Estudiante de Administración e Dirección de Empresas e Piloto del FIA Fórmula Two Championship. Título: <i>"Autogestionando un sueño"</i></p>
13:15	 <p>Lucía S. Díaz</p> <p>Estudiante de ADE e membro fundador do Club de Estudiantes Emprendedores EMPRENDE M.A.S. Título: <i>"La iniciativa marca la diferencia"</i></p>
13:30	 <p>Saul Beceiro</p> <p>Estudiante de doutoramento e investigador da USC no campo da Física Nuclear. Director do C.M. Rodriguez Cadarso da USC. Presidente da "Asociación de Jóvenes Investigadores Precarios Galicia" e vocal nacional da "Federación de Jóvenes Investigadores". Título: <i>"Física nuclear en las estrellas"</i></p>
13:45	 <p>Santiago Martínez</p> <p>Licenciado en Dereito, asesor en comunicación política e directiva, e Presidente da Sociedade de Debate de Competición (SODECO) da USC. Título: <i>"El poder de las palabras"</i></p>
14:00	Peche do foro
14:15	<i>Afterwork.</i> Na cafetería da Facultade, todos os participantes están convidados a uns pinchos.

(*) No momento de comezo do foro pecharanse as portas, e os asistentes non poderán acceder á sala durante as intervencións dos poñentes.